

REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS CONCELLO DE VIGO PLAN ESTRATÉXICO 2024 - 2028

Vigo, setembro de 2024

SERVIZO DE MUSEOS

CONCELLERÍA DE
CULTURA



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO





Rede de Museos Municipais
Concello de Vigo
Plan Estratéxico 2024-2028

Este documento foi revisado en setembro de 2024 por:

JOSE MANUEL REY GARCÍA, xefe do Servizo de Museos Municipais

JOSÉ ENRIQUE BALLESTA DE DIEGO, director do Museo Municipal Quiñones de León

CONTIDO

01. Presentación
02. Estrutura do Plan Estratégico
03. Operativa para a concreción d un Plan Estratégico da RMM
04. Diagnóstico da situación previa
05. Obxectivos estratégicos e xerais
06. Identificación das liñas estratégicas de actuación
07. Mellora da imaxe e percepción social da Rede de Museos Municipais (RMM)
08. Reconfiguración dos museos e centros museísticos de xestión municipal
09. Deseño dun proxecto educativo para todos os públicos
10. Reforzo da programación de exposición temporais
11. Conservación preventiva de edificios e coleccións
12. Recursos humanos da RMM
13. Incremento paulatino do horario de apertura dos centros da RMM
14. Avaliación de públicos e de exposicións
15. Execución, seguimento e avaliación do Plan Estratégico

01. PRESENTACIÓN

A cidade de Vigo conta cun bo número de museos e espazos expositivos agrupados dentro da denominada Rede de Museos Concello de Vigo (en adiante RMM). Na mesma teñen cabida centros museísticos de moi diferente natureza, contido e dimensións, que se diseminan por toda a cidade. En conxunto conforman un elenco de centros que transitan desde a Prehistoria ata a contemporaneidade e que integran unhas coleccións de gran valor histórico, artístico e patrimonial. Estas coleccións teñen unha grande potencialidade pero non están optimizadas para obter unha maior rendibilidade social.

A RMM se enfrenta hoxe a múltiples retos e desafíos que obrigan a unha redefinición e actualización dos seus espazos, dos seus contidos e das actividades a desenvolver.

A conclusión máis evidente que se deriva do diagnóstico preliminar realizado ao longo destes dous meses é que, por instalacións e calidade da obra que alberga, a RMM ten un potencial enorme ao que cómpre darlle máis pulo para reforzar a súa proxección e compromiso social coa cidade desde unha visión de servizo público.

Como resposta a esta situación estrutural, a RMM inicia un proceso de paulatina reorganización e de actualización da súa misión e función social para dar resposta ás demandas realizadas por diversos axentes culturais da cidade e adaptarse ás novas esixencias dun público cada vez máis formado e esixente.

Por elo se avanza este Plan Estratéxico (en adiante PE) para a Rede de Museos Municipais do Concello de Vigo. Este documento de planificación estratéxica configúrase como un mapa, como unha guía que permitirá transitar un novo camiño que debe conducir a un funcionamento operativo óptimo dos centros museísticos e a unha maior proxección para a RMM. Así, neste documento se definen tanto a misión como a visión e os valores que orientarán a actividade diaria dos museos e centros museísticos de titularidade municipal adscritos á RMM, se pormenorizan os obxectivos e estratexias operativas e se concretan as accións necesarias para facilitar a súa execución.

Con todo, este PE non pode considerarse un documento ríxido ou pechado, senón que o seu valor real é declarativo, pois poden presentarse oportunidades que non foron ou non puideron ser tidas en conta no momento da súa redacción. Por esta razón, este PE deberá ser revisado anualmente coa finalidade de adaptalo en cada momento á nova situación, ou mesmo a oportunidades sobrevidas polo contexto particular no que se inxire a RMM.

En definitiva, o PE proporciona un marco de referencia para a toma de decisións en relación cos retos de futuro aos que se enfrenta a RMM. Sen dúbida, require tomar decisións importantes e a execución de actuacións de envergadura técnica e económica que se abordará co orzamento propio e coa busca de fontes de financiación externa.

Enténdese que a proposta de accións é ambiciosa, pero viable no seu conxunto nun prazo de cinco anos.

02. ESTRUCTURA DO PLAN ESTRATÉXICO

Atendendo aos principios consolidados na planificación estratéxica adaptada ás necesidades específicas dos museos, no presente PE empréganse unha serie de conceptos básicos que a continuación se expoñen polo seu valor declarativo e organizativo:

Misión É a razón de ser última da RMM, recolle os seus valores, explica porqué existe, e orienta a planificación do seu futuro, adaptándoa aos novos retos que afectan aos museos nos inicios do século XXI.

Visión Unha RMM que remarca a orientación claramente social dos seus museos, enfocados á produción de ideas, emocións e experiencias en torno ás cuestións sociais e formas de vivir e pensar que modelaron o territorio municipal ao longo do tempo, e capaces de reforzar a identidade, o orgullo e o sentimento de pertenza .

Valores Representa todo aquilo no que se cre, as ideas forza que guían a acción diaria e que se fomentan desde a RMM:

- Confianza no equipo de traballo a partir dunha visión compartida da RMM e dos seus museos e centros museísticos
- Vocación de servizo público que opera baixo criterios de calidade e excelencia
- Compromiso social e orientación cara á participación cidadá
- Sustentabilidade e eficiencia na xestión dos recursos
- Transparencia e comunicación

Obxectivos Identifica aquilo que queremos conseguir, son pois as finalidades que a RMM pretende alcanzar. Uns teñen carácter transversal e atravesan a totalidade das estratexias e accións, mentres que outros son específicos e se satisfán co desenvolvemento de accións concretas.

Estratexias Son os camiños trazados, as vías elixidas para conseguir os obxectivos estratéxicos ou específicos que se determinan no Plan Xeral de Actuación.


Accións Son a materialización práctica dos obxectivos e estratexias definidas, os diferentes proxectos que se executan a diario para satisfacer a misión e a visión da RMM.

03. OPERATIVA PARA A CONCRECIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE AC-TUACIÓN DA RMM

Desde o cambio na xefatura do Servizo de Museos que se produce no mes de xaneiro de 2024 estase a traballar na definición dun Plan Estratéxico para a Rede de Museos Municipais (RMM) capaz de trazar unha nova folla de ruta que conduza a unha renovación e actualización dos diferentes museos e centros museísticos de titularidade municipal.

Na concreción deste Plan Estratéxico aglutínouse, a partir dunha visión interdisciplinaria e colaborativa da xestión museal, a ampla información existente no Servizo de Museos e aquela outra proporcionada por diferentes axentes sociais da cidade de Vigo e tiveron unha especial repercusión os seguintes aspectos:

- Unha clara vontade política da Alcaldía de dar un pulo considerable á política de museos na cidade, apostar pola renovación dos diferentes centros museísticos municipais, reforzar a súa función social e aportarlles valor e calidade.
- A experiencia e o coñecemento experto transmitido por diferentes profesionais que integran o Servizo de Museos do Concello e a Área de Cultura do Concello de Vigo.
- De especial utilidade na concreción deste Plan Estratéxico foi o coñecemento e a información aportada polo persoal técnico do Museo Quiñones de León, especialmente o seu director, que permitiu darlle forma a moitas das cuestións que se propoñen neste documento.
- A información transmitida por diferentes profesionais de disciplinas relacionadas co ámbito dos museos e a cultura na cidade, entre elas museoloxía, arte, arqueoloxía, historia, conservación-restauración ou a educación patrimonial, sensibilizados coa situación actual dos museos na cidade e proclives a participar e aportar a súa experiencia e coñecementos.
- A experiencia na xestión do día a día nos diferentes centros museísticos municipais aportada polas empresas e traballadores do servizo de atención ao público e da seguridade dos equipamentos, que son as persoas que están en contacto máis directo cos visitantes e recollen as súas demandas e inquietudes.
- Os antecedentes existentes no Servizo de Museos en procesos de diagnose e de definición de propostas realizadas con anterioridade.
- A integración de toda esta información permite definir o fluxo de traballo a seguir na planificación estratéxica da RMM, que atravesará as fases de análise, diagnóstico, actuación e avaliación, que se recolle no seguinte diagrama:



04. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN PREVIA

1. Na actualidade a Rede de Museos Municipais é un elemento de identidade visual que aglutina diferentes espazos expositivos da cidade, pero precisa dunha idea que dea sentido aos diferentes museos e mesmo a súa finalidade para que sexa percibida pola cidadanía e polos diferentes axentes culturais.
2. O Concello de Vigo conta cunhas magníficas e heteroxéneas coleccións ás que se lle pode sacar un maior rendemento maior transmitindo un relato atractivo e suxestivo, exhibindo propostas expositivas actualizadas e programando de maneira atractiva e suxestiva.
3. Os diferentes centros museísticos da cidade necesitan proporcionar vínculos emocionais e sinais identitarias que poidan ser percibidas pola cidadanía para reforzar o seu sentimento orgullo e de pertenza.
4. A RMM conta con equipamentos suficientes para poder afrontar unha profunda renovación sen necesidade de ter que afrontar os elevados custes derivados de novas construcións. Non obstante, faise necesario investir na súa conservación preventiva.
5. É preciso racionalizar os espazos destinados á reserva das coleccións, especialmente a arqueolóxica e a de belas artes. Para elo deben proporse solucións viables a corto prazo para gañar e optimizar os espazos destinados á reserva das coleccións e poder garantir as incorporacións á colección municipal que se produzan no futuro.
6. A RMM precisa deseñar un proxecto educativo para que os centros museísticos da cidade se convertan en espazos vivos e transformadores que axuden a reforzar o compromiso social da cidadanía co patrimonio cultural municipal. Os museos deben reforzar a súa vocación social poñendo a educación no centro das súas preocupacións e colocando ás persoas por diante das coleccións.
7. É necesario, ademais, reforzar a programación da RMM para atender aos diferentes tipos de público que se acercan aos museos. Neste sentido, a Rede debe xerar reflexión e debate crítico sobre os seus museos e coleccións, incorporando outras miradas que contribúan a actualizar as narrativas que se ofrecen mediante, entre outras cousas, ciclos de conferencias, xornadas ou seminarios. Do mesmo xeito, debe promover actividades para un público diverso no que se inclúen nenas e nenos, xoves, público familiar e persoas adultas, nas que deben ter cabida visitas guiadas, talleres ou actividades de arqueoloxía experimental, por exemplo. Así mesmo, a programación de exposicións temporais que complementen as mostras permanentes ou propoñan lecturas alternativas a través de producións propias ou colaboracións con outras institucións ou organizacións afíns debe ter un papel destacado. Na actualidade, as exposicións temporais convertéronse nunha actividade que esperta un

gran interese e aceptación entre o público como parte da oferta cultural que os museos ofrecen á sociedade.

8. A estrutura do Servizo de Museos debe ser reforzada para atender ás necesidades reais de xestión.
9. Os museos e centros museísticos adscritos á RMM precisan dunha reorientación dos seus horarios de apertura.

5. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E XERAIS

Son obxectivos estratéxicos do presente Plan Estratéxico:

- Eficiencia** Consolidar a RMM como unha estrutura integrada que xestione de xeito eficiente, sostible e responsable os diferentes centros museísticos municipais e ofrezca á cidadanía unha oferta cultural, educativa e lúdica atractiva e de calidade.
- Singularidade** Avanzar na segmentación e especialización dos diferentes centros museísticos da RMM para incrementar o seu potencial, reforzar as sinerxías entre eles e xerar un relato común que atravesese todos os espazos e os dote de sentido.
- Visibilidade** Apostar de maneira decidida polo traballo cooperativo en rede con outras organizacións afín para promover o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento experto no ámbito museístico, o que redundará nunha maior visibilidade da organización e mellorará a súa proxección social.
- Compromiso social** Avanzar cara a un museo máis social e transformador que reforce a participación cidadá, fomente a inclusión de persoas e colectivos situados nas marxes do sistema museístico, e que, ademais de xerar coñecemento e aprecio polas coleccións, tamén transmita valores transversais como igualdade, xénero, diversidade cultural ou solidariedade.
- Experiencias** O museo debe establecer unha mediación diferente entre a colección e o público, buscar unha forma de enfrontarse á adquisición de contidos e coñecementos de xeito participativo e interactivo, de combinar equilibradamente ideas, emocións e experiencias, colocando a didáctica no epicentro dunha acción patrimonial que atenda aos diferentes tipos de público.
- Innovación** Non é posible xerar unha oferta diferenciada e de calidade que manteña o interese e a atención do público sen apostar pola innovación. Boa parte destas innovación virán da man das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), que ofrecen novas formas de relacionarse co público.
- Difusión** Incrementar a audiencia dos centros da RMM promovendo unha maior difusión da súa oferta cultural e educativa, e reforzar a súa presenza tanto nos medios tradicionais como nos dixitais a través da renovación da páxina web e da xestión activa das redes sociais.
- Servizo público** Prestar un servizo á sociedade que aposte decididamente pola calidade e a excelencia, buscando a obtención de marcas ou certificacións que proporcionan un gran valor e aseguran prestixio da institución.

Así mesmo, determínanse os seguinte obxectivos de carácter xeral:

- Repensar a Rede de Museos Municipais para definir unha estrutura coherente que dote de sentido aos diferentes museos de titularidade e xestión municipal.
- Potenciar a posta en valor e a difusión das coleccións municipais.
- Actualizar a imaxe dos museos municipais para reivindicar a súa participación activa na vida cultural da cidade e poida ser percibido o seu valor de servizo público.
- Establecer mecanismos de coordinación entre os centros museísticos de titularidade municipal para poder optimizar o seu funcionamento operativo diario.
- Articular unha oferta museística que, a partir da definición de nodos temáticos que agrupen os diferentes centros, vertebrén o territorio municipal nun eixo que conecte Castrelos o Centro da Cidade e Samil.
- Reforzar vínculos e afectos entre a comunidade e os seus centros museísticos
- Definir unha oferta cultural, educativa e lúdica atractiva e de interese para todos os segmentos de público potencial.
- Dotar aos diferentes centros museísticos do persoal técnico necesario para garantir o seu axeitado funcionamento compartindo os servizos técnicos especializados, principalmente de conservación e conservación-restauración
- Apostar pola calidade e a excelencia na RMM facilitando a avaliación do seu funcionamento operativo e procurando a obtención de distintivos que visibilicen o novo rumbo dos museos de Vigo.

06. IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

1. Mellora da imaxe e percepción social da Rede de Museos

Actualizar a identidade visual da RMM, potenciar as sinerxías e a cooperación entre diferentes espazos expositivos da RMM e mellorar os canais de comunicación interior (coordinación) e exterior (medios, web, redes sociais, sinalética na cidade...).

2. Reconfiguración dos museos e centros museísticos municipais

Avanzar na segmentación e especialización dos diferentes espazos expositivos para incrementar as súas posibilidades a partir de tres nodos complementarios: Castrelos (Quiñones de León/Pinacoteca FFF), Centro cidade (Casa das Artes/Casa Galega da Cultura e Samil (Verbum).

3. Deseño dun programa educativo atractivo para todos os públicos

Desenvolver un proxecto educativo pensado para todas as persoas que aposte por unha aprendizaxe didáctica e participativa para xerar coñecemento e aprecio polas coleccións, pero tamén por transmitir valores transversais como igualdade, xénero ou diversidade cultural.

4. Reforzo da programación de exposición temporais

A RMM debe apostar pola programación de exposición temporais que complementen as mostras permanentes ou propoñan lecturas alternativas a través de producións propias ou colaboracións con outras institucións ou organizacións afíns.

5. Atención á conservación preventiva de edificios e coleccións

A RMM debe propor solucións viables a curto prazo para a xestión eficiente da colección e das salas de reserva.

6. Potenciar investigación, intercambio de ideas e transferencia de coñecemento

Desenvolvemento dunha política de investigación propia a través da cooperación con outras organizacións e a participación en redes para a incorporación dos resultados da investigación á cadea de valor do coñecemento e á súa transferencia á sociedade.

7. Incremento paulatino dos horarios de apertura dos centros

Planearase unha reestruturación que permita o acceso aos museos do colectivo escolar e doutros segmentos de público potencial.

8. Avaliación de públicos e exposicións

Resulta necesario dispor de información cuantitativa e cualitativa sobre o público que visita os diferentes centros museísticos da RMM e coñecer a eficiencia das diferentes propostas expositivas para identificar ámbitos de mellora

07. MELLORA DA IMAXE E PERCEPCIÓN SOCIAL DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

Caracterización:

Cómpre actualizar e reforzar a identidade da RMM e favorecer a súa percepción pola cidadanía como un instrumento municipal que traballa a prol dunha idea e visión común que potencie a singularidade de cada un dos seus centros museísticos, as sinerxías entre todos eles, e mellorar os canais de comunicación interior (coordinación) e exterior (medios, web, redes sociais, sinalética na cidade...).

Obxectivos:

- Actualizar a identidade gráfica e a marca Rede de Museos Municipais para evidenciar o inicio dunha nova etapa e singularizar cada un dos centros cunha identidade visual propia.
- Potenciar as sinerxías e entre os diferentes museos e centros museísticos de titularidade municipal e intensificar a cooperación co Museo de Arte Contemporáneo (MARCO), Fundación Laxeiro e Museo Etnográfico Listere para a concreción dunha estratexia común orientada a posicionar os museos da cidade.
- Intensificar a presenza dixital a través dunha páxina web propia e da potenciación das redes sociais.
- Perfeccionar os canais de comunicación da RMM, tanto a nivel interno como externo.
- Mellorar a sinalética identificativa e direccional dos museos da RMM para facilitar a súa localización e reforzar a súa percepción na cidade.

Accións:

- Chamada a proxectos (seguindo as recomendacións da DAG - Asociación Galega de Deseño) para a renovación da identidade gráfica da RMM e os seus museos cunha proposta que singularice a cada un deles.
- Deseño dunha páxina web como canal de comunicación cos visitantes e usuarios e como ferramenta para visibilizar as súas coleccións e as actividades que promove.
- Activación e xestión dinámica das redes sociais (Instagram, Facebook, Tiktok)
- Redacción dun Plan de Comunicación para actualizar e simplificar os protocolos de comunicación interna coas empresas de prestación dos servizos de seguridade e atención ao público e as relacións con outros servizos municipais.
- Instalación de sinalética direccional e identificativa para dar visibilidade á presenza dos centros museísticos adscritos á RMM e difundir a súa oferta cultural.

08. RECONFIGURACIÓN DOS MUSEOS E CENTROS MUSEÍSTICOS DE XESTIÓN MUNICIPAL

Caracterización:

Coa finalidade de configurar unha proposta museística máis suxestiva e de pormenorizar unha oferta cultural, educativa e lúdica atractiva para a cidade de Vigo é preciso avanzar na segmentación e especialización dos diferentes espazos expositivos para incrementar as súas posibilidades a partir de tres nodos complementarios:

CASTRELOS (MUSEO QUIÑONES DE LEÓN E PINACOTECA FFR)

O **Museo Municipal "Quiñones de León"** suma á súa temperá creación o capital simbólico e o recoñecemento pola cidadanía como "museo de Vigo". Polo feito de ter crecido sen un programa claro, hoxe se presenta como unha amalgama de heteroxéneas coleccións que carecen dun relato claro. Ademais, atópase completamente colapsado e resulta practicamente imposible acoller máis depósitos ou doazóns por falta de espazo. O máis coherente sería avanzar cara a un museo monográfico que poña en valor o pazo e os seus xardíns e illustre e recree a vida no pazo a través do seu mobiliario, artes decorativas ou colección de pintura.

A **Pinacoteca Francisco Fernández del Riego**, vinculada ao Museo na súa xestión diaria e dotada de climatización, podería acoller exposicións temporais de produción propia ou itinerancias doutros museos de referencia que, polas súas condicións ambientais, o Quiñones de León non pode recibir.

CENTRO CIDADE (CASA DAS ARTES / CASA GALEGA DA CULTURA)

A Casa das Artes e a Casa da Cultura Galega, de xeito coordinado co MARCO e coa Fundación Laxeiro, conformarán un amplo espazo de creación, innovación e discusión contemporánea na cidade, algo que podería funcionar como un Centro de Cultura Contemporánea diseminado por varios edificios próximos entre si.

A **Casa das Artes** converterase nun foco de arte contemporánea galega coa conxunción nun mesmo espazo da exhibición da colección de arte contemporánea galega de titularidade municipal (Planta Primeira), a Colección Torras (Planta Segunda) e a Fundación Laxeiro (Planta Terceira), mentres que a Planta Baixa destinaríanse a acoller exposicións temporais relacionadas coas linguaxes creativas contemporáneas e as que exploran os grandes temas da sociedade actual, valorando especialmente as propostas artísticas locais e galegas.

Así mesmo, este edificio acolle a importante **colección municipal de fotografía** integrada, fundamentalmente, polo Arquivo Fotográfico Pacheco, o Arquivo Ksado e a colección de fotografía contemporánea. Esta colección ten un valor documental e artístico altísimo e forman o reservorio da memoria visual da cidade. Aínda que ao longo do tempo se levaron a cabo diferentes iniciativas para poñela en valor require dunha ampla reformulación que considere axeitadamente a súa xestión (dixitalización, catalogación e acceso público), reserva (mellora das instalacións e concentración da colección) e difusión (exposición permanente e programación de exposicións temporais).

Na Casa Galega da Cultura abrirá de novo proximamente as súas portas, na Primeira Planta, o completamente renovado **Museo "Francisco Fernández del Riego"**, un espazo monográfico dedicado a este intelectual no que se amosa a súa importante colección de arte.

Complementariamente, o espazo expositivo da Planta Baixa da Casa da Cultura Galega apoiará o traballo de xoves artistas emerxentes e promoverá o seu talento creativo a través de mostras temporais que dean a coñecer a súa obra.

SAMIL (VERBUM)

O Verbum é, agora mesmo, un proxecto fracasado e, ao tempo, o espazo que ofrece maiores posibilidades desde o punto de vista museístico. Porén, para que visitantes e usuarios se despracen ata Samil e que o Verbum se converta nun elemento tractor na vida cultural da cidade é preciso convertelo nunha factoría de ideas, emocións e experiencias capaz de xerar orgullo e sentimento de pertenza. Dúas instalacións independentes, atravesadas por un relato común e intimamente relacionadas, permitirían realizar unha viaxe no tempo que enlazaría pasado e futuro e reivindicaría os grandes fitos que configuraron a historia da cidade e o seu territorio e axudaron a construír a súa identidade:

Espazo Arqueoloxía de Vigo

Espazo Historia da Cidade

Esta narrativa debe edificarse a partir de atractivas propostas museográficas capaces de xerar un relato que emocione e que sexa intelectualmente suxestivo e visualmente atractivo.

Espazo Arqueoloxía Vigo

Situado na planta baixa, acollería unha nova exposición que poña en valor a importante colección arqueolóxica municipal e aulas e talleres para desenvolver un dinámico proxecto educativo. Así mesmo, a ocupación da planta de soto para salas de reserva permitiría dar unha resposta acaída ás necesidades de almacenaxe da colección actual e acoller o incremento da colección futura. A proximidade da vila romana de Toralla e o Centro de Interpretación do Mundo Romano permitirían construír un polo arqueolóxico en Samil.

Espazo Historia da Cidade

Situado na planta alta, acollería unha nova proposta museográfica destinada a ilustrar a evolución e a transformación da cidade de Vigo e o seu territorio ao longo do tempo. Non se configuraría como unha historia lineal senón como unha narrativa que pon énfase nos principais fitos (p.ex. industria conserveira, Reconquista, porto e emigración...) que deron forma ao que hoxe é Vigo, que poden ter unha lectura individualizada atractiva pero que na suma aporta unha visión lúcida e innovadora sobre a historia da cidade.

Pola súa relevancia, na configuración destes dous novos espazos museísticos sería necesario incorporar a masa crítica, o coñecemento e a sensibilidade dos investigadores e axentes sociais locais que coñecen ben a traxectoria histórica da cidade.

Obxectivos:

- Avanzar na segmentación e especialización dos diferentes centros museísticos de titularidade municipal.
- Dotar á RMM dunha narrativa coherente e xerar un relato que atravesese os diferentes centros museísticos.
- Converter ao Quiñones de León nun museo monográfico que poña en valor o pazo e os seus xardíns e illustre a vida no pazo a través do seu mobiliario, artes decorativas ou colección de pintura antiga.
- Conformer na Casa das Artes e na Casa da Cultura Galega un amplo espazo de creación, innovación e discusión contemporánea na cidade.

- Instalar no Verbum o Museo Arqueolóxico de Vigo e o Museo de Historia da Cidade para poder realizar unha viaxe no tempo que enlace pasado e futuro e reivindique os grandes fitos que configuraron a historia da cidade e o seu territorio.
- Xerar en Samil un atractivo nodo arqueolóxico xunto coa vila romana de Toralla e o Centro de Interpretación do Mundo Romano, que promova a visita tamén aos xacementos arqueolóxicos abertos á visita pública dependentes do Servizo de Patrimonio Histórico: poboado castrexo do Castro, Toralla e a fortaleza do Castro - muralla de Vigo.

Accións:

Museo Municipal "Quiñones de León"

- Liberar e acondicionar a planta alta do Museo para desenvolver unha nova proposta museográfica.
- Trasladar as salas de reserva de arqueoloxía do Museo Quiñones de León á planta soto do Verbum para concentrar os depósitos arqueolóxicos neste equipamento.
- Trasladar a sala de arqueoloxía á Planta Baixa do Verbum a través dunha nova proposta museográfica que poña en valor a arqueoloxía do territorio municipal.

Casa das Artes

- Destinar a Planta Baixa a acoller exposicións temporais relacionadas coas linguaxes creativas contemporáneas e as que exploran os grandes temas da sociedade actual.
- Destinar a Planta Primeira á instalación dunha nova proposta expositiva que dea a coñecer e divulgue a magnífica colección de pintura galega contemporánea do Concello de Vigo.
- Renovar e actualizar a proposta expositiva da Colección Luis Torras instalada na Planta Segunda.
- Reformular integramente o espazo destinado á colección municipal de fotografía para poñer en valor este legado que reflicte a memoria visual da cidade.
- Deseñar as bases para unha convocatoria pública para proxectos expositivos, mediante concorrencia competitiva, para a Casa das Artes e a Casa Galega da Cultura.

Casa Galega da Cultura

- Abrir proximamente ao público o renovado Museo "Francisco Fernández del Riego".
- Destinar a Planta Baixa a acoller exposicións temporais de artistas emerxentes, de ata 35 anos nados ou residentes en Galicia, en relación coas linguaxes creativas contemporáneas.

Verbum

- Remover a instalación expositiva situada na Planta Alta por atoparse completamente obsoleta e resultar pouco atractiva para o público visitante.

- Converter a Planta de Soto na sala de reserva da colección arqueolóxica e comezar a dotala do correspondente mobiliario e poder iniciar os traballos para liberar o Quiñones de León.
- Elaborar o Proxecto Museolóxico para o Museo Arqueolóxico de Vigo e o Museo de Historia da Cidade. Sobre este documento descansa a estrutura conceptual que vertebrará o futuro Proxecto Museográfico, e que ten como obxectivo:
 - Presentar, de modo organizado e detallado, as liñas de forza, os criterios e os obxectivos que darán sentido ao proxecto de intervención.
 - Avanzar a concepción museolóxica dos espazo expositivos, reflexionando sobre aspectos como a convivencia coa arquitectura preexistente, o tratamento do espazo, a circulación ou a accesibilidade.
 - Orientar o discurso expositivo, presentando os contidos científicos e as pezas, obxectos e materiais que axuden a ilustralos.
 - Estructurar a información en bloques de contidos, definindo unha estrutura conceptual que articule o percorrido expositivo.
 - Avanzar os recursos expositivos a empregar para alcanzar unha montaxe expositiva suxestiva e atractiva, capaz de transmitir ideas e contidos de maneira divulgativa e didáctica, e de xerar emocións e experiencias.
 - Definir a organización conceptual da visita en función dos diferentes segmentos de público visitante.
 - Proporcionar unha estimación de custes necesarios para a execución dos proxectos.

09. DESEÑO DUN PROXECTO EDUCATIVO PARA TODOS OS PÚBLICOS

Caracterización:

A RMM debe apostar firmemente por desenvolver un Proxecto Educativo pensado para todas as persoas, que aposte por producir experiencias singulares a través dunha aprendizaxe didáctica e participativa capaz de xerar coñecemento e aprecio polas coleccións, pero tamén transmitir valores transversais como igualdade, xénero, diversidade cultural ou solidariedade co finalidade de converter aos museos en verdadeiros espazos transformadores.

De maneira complementaria, a RMM debe apostar decididamente pola socialización do coñecemento, pola promoción do debate crítico e o intercambio de experiencias, potenciando a presentación de contidos en ciclos de conferencias, faladoiros, xornadas divulgativas ou seminarios e congresos especializados.

O Proxecto Educativo descansa sobre tres piares fundamentais:

PROGRAMA ESCOLAR

Os museos son espazos que favorecen a acción educativa xerando experiencias transversais de aprendizaxe participativo para os diferentes ciclos educativos a partires das súas coleccións.

COMUNIDADE

O museo transformador é un espazo interxeracional que diseña actividades para un público diverso no que se inclúen nenas e nenos, xoves, público familiar e persoas adultas

ACCIÓN SOCIAL

Os museos son espazos idóneos para desenvolver, xunto a persoas con diversidade funcional e necesidades específicas, accións e actividades que fan do museo un lugar máis inclusivo, integrador e participativo

Obxectivos:

- Mellorar a calidade da visita aos centros museísticos que integran a RMM.
- Fomentar a acción educativa dos museos en torno ás súas coleccións, facilitando a comprensión dos seus contidos e adaptando actividades e linguaxes aos distintos públicos.
- Revelar significados e ilustrar sentidos a través dunha mediación que educa, sensibiliza e promove o descubrimento.
- Priorizar o relato e a vida social dos obxectos sobre a mera contemplación das coleccións.
- Promover unha aprendizaxe didáctica, lúdica e participativa que consolide os coñecementos adquiridos.

- Fomentar o pensamento crítico e valores como a igualdade de xénero, a pluralidade, a diversidade cultural e a sustentabilidade

Accións:

- Contratación do deseño e elaboración de contidos e actividades do Programa Escolar.
- Preparación do novo contrato do Servizo de Atención ao Público nos centros museísticos adscritos á RMM (para iniciar a prestación en xaneiro de 2025).
- Preparación da Contratación dos Servizos didácticos para escolares (Educación Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato) e grupos con necesidades de atención específica (para iniciar a prestación en xaneiro de 2025).
- Preparación de programación anual de actividades tendo en consideración, entre outras, as seguintes actividades:
 - Ciclo anual de conferencias e charlas en torno aos museos e as súas coleccións
 - Programación de xornadas, seminarios e congresos
 - Deseño de actividades para público familiar e talleres de verán
 - Noite Branca...
- Procurar un espazo que funcione como un pequeno auditorio no que concentrar toda a oferta educativa para a súa percepción pola cidadanía como espazo da RMM para a promoción do debate crítico o intercambio de experiencias e a socialización do coñecemento.
- Avaliar en detalle os diferentes espazos museísticos da RMM para poder incorporar en cada un deles unha aula para o desenvolvemento do proxecto educativo.

10. REFORZO DA PROGRAMACIÓN DE EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Na actualidade, as exposicións temporais convertéronse nunha actividade que esperta un gran interese e aceptación entre o público como parte da oferta cultural que os museos ofrecen á sociedade. O seu sentido fundamental é o de complementar a mostra permanente ou propoñer lecturas alternativas ás tradicionais, polo que constitúen unha magnífica oportunidade para afondar no coñecemento e para comunicar e divulgar as coleccións do museo.

A RMM debe prestar unha especial atención á programación de exposición temporais que se configuren a partir de criterios de oportunidade, calidade, interese e atractivo para o visitante. Catro son os tipos de exposicións temporais que se poden desenvolver na RMM:

CONVOCATORIA PÚBLICA DE PROXECTOS EXPOSITIVOS

Para a Casa das Artes e a Casa Galega da Cultura realizarase unha convocatoria pública de proxectos expositivos, por concorrencia competitiva, cunha dobre vertente: na CGC promoverase o apoio ao talento creativo das e dos artistas emerxentes en calquera disciplina da creación artística ou calquera outra transdisciplinar propia das Artes Plásticas e Visuais; na CA desenvolveranse propostas de artistas, comisarias e comisarios, xestoras e xestores culturais, entidades e outros axentes activos do circuíto profesional que aborden as linguaxes creativas contemporáneas e/ou exploran os grandes temas da sociedade contemporánea, valorando especialmente as propostas artísticas locais e galegas en xeral.

PROXECTOS EXPOSITIVOS DE PRODUCCIÓN PROPIA

Trátase de pequenas exposicións programadas e producidas directamente polos técnicos municipais, executadas con fondos propios, que se presentan de forma atractiva para un público amplo coa finalidade de actualizar coñecementos, realizar novas lecturas das coleccións do museo ou incorporar visións transversais sobre as mesmas.

ITINERANCIAS OU COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS AFÍNS

A actual conxuntura recomenda chegar a acordos de colaboración con outros museos e institucións afíns para compartir recursos e cooperar na produción conxunta para, minimizando os costes de produción, poder seguir programando exposicións temporais de calidade e interese.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS DE IMPACTO

A RMM poderá programar exposicións que buscan acadar unha maior repercusión e impacto social. Normalmente, tratarase de itinerancias de exposicións producidas por institucións de recoñecido prestixio, tanto nacionais como internacionais que, seguramente, demandarán un orzamento maior e o desenvolvemento de acordos de colaboración.

Alternativamente, a RMM poderá programar e promover a realización de exposicións de impacto, que resultan de interese para a cidade e reforzan a visibilidade e a proxección social da RMM e do Concello de Vigo. De existir a posibilidade e a dispoñibilidade orzamentaria programarase unha destas exposicións cunha periodicidade anual ou bianual, atendendo ás diferentes liñas estratéxicas que se marquen desde as Rede de Museos Municipais.

A modo indicativo, sinálanse algunhas das liñas estratéxicas para as exposición de impacto:

- * Vigo antes de Vigo: novas aportacións ao pasado máis remoto do territorio provincial
- * O territorio e o seu patrimonio material e inmaterial
- * Nas orelas do mar: unha cidade fortificada fronte ás frota inimigas
- * A Reconquista e a eclosión da identidade colectiva
- * O porto e as industrias do mar: do pulso da vida local ás relación con Europa e América
- * A industria conserveira e a transformación socioeconómica da cidade
- * Arquitectura, territorio e memoria gráfica: iconas da evolución e a transformación urbana
- * Memorias da Transición
- * Abrazando a contemporaneidade: do Grupo Atlántica á Movida.
- * Novos formatos, novos relatos: realidade virtual e experiencias inmersivas

O traballo de investigación e comisariado necesario para a produción das mostras será exercido polos técnicos e conservadores do propio museo, ou ben por comisarios independentes. Así mesmo, todas as exposición temporais que se programen irán acompañadas de diferentes actividades complementarias e do correspondente catálogo científico ou publicación complementaria.

Coa finalidade de minimizar a afección ao orzamento de funcionamento ordinario da RMM buscaranse fórmulas de financiación complementarias, como o patrocinio.

Obxectivos:

- Desenvolver unha atractiva programación de exposición temporais en torno ás coleccións do museo e as súas múltiples lecturas ou doutros temas de interese e atractivo social.
- Activar a memoria social a través de exposicións temporais que recorden ou conmemoren acontecementos ou procesos importantes para a historia da cidade.
- Favorecer a colaboración con outras institucións e organizacións nacionais e internacionais para o desenvolvemento de iniciativas conxuntas que proporcionen á RMM e ao Concello de Vigo visibilidade e proxección social.

Accións:

- Avanzar no mes de novembro a programación da anualidade seguinte.
- Elaborar unha convocatoria pública de proxectos expositivos, por concorrencia competitiva, para o segundo semestre de 2024 e 2025 para a Casa das Artes e a Casa Galega da Cultura e renova-la anualmente.
- Programación da exposición temporal *Cen anos de Coleccionismo. A colección de arte do Concello de Vigo*. Segundo semestre do ano 20234
- Programación en torno á celebración do centenario da doazón do Pazo de Castrelos.

11. CONSERVACIÓN PREVENTIVA DE EDIFICIOS E COLECCIÓN

Caracterización:

A Rede de Museos Municipais foi incrementando ao longo do tempo diferentes espazos expositivos que, agás o Verbum, nunca foron concibidos como museos. Así mesmo, as coleccións fóronse incrementando de maneira progresiva, especialmente a arqueolóxica, polo que cómpre programar diferentes actuacións de conservación preventiva.

As actuacións que se desenvolvan teñen que deseñarse baixo criterios de sustentabilidade e de conservación preventiva. Entre as medidas preventivas, ademais dos plans de autoprotección as experiencias internacionais recollen a transcendencia de implantar os plans de emerxencia.

Obxectivos:

- Identificar as actuacións a desenvolver nos edificios e coleccións da RMM.
- Conservar os diferentes centros museísticos analizando diferentes vías de financiamento propias e externas.
- Establecer mecanismos de coordinación entre as distintas administracións que interveñen nunha emerxencia para facilitar a resposta e minimizar os danos.
- Mellorar o sistema de xestión das coleccións adoptando estándares de uso habitual nos museos.
- Dixitalización e documentación 3D de coleccións favorecendo o menor impacto na conservación e mellora da accesibilidade *online* aos fondos e coleccións.

Accións:

- Revisión pormenorizada dos diferentes centros museísticos da RMM.
- Manter diferentes encontros cos diferentes axentes que participan nas emerxencias para coordinar a resposta.
- Documentación tridimensional das coleccións.
- Dixitalización de coleccións e arquivo fotográfico e mellora da accesibilidade online
- Deseño dunha aplicación para facilitar a xestión integrada das coleccións e a súa documentación.

12. RECURSOS HUMANOS DA RMM

Caracterización:

Recoméndase ampliar os recursos humanos, tanto administrativos como técnicos, para atender á xestión operativa diaria.

Obxectivos:

- Dotar á Rede de Museos do persoal necesario para garantir o cumprimento da súa misión e permitir que o servizo público se realice nas mellores condicións posibles.

Accións:

- Reforzar o persoal da Rede de Museos.

13. INCREMENTO PAULATINO DO HORARIO DE APERTURA DOS CENTROS DA RMM

Caracterización:

Os espazos expositivos deben reorientar a súa franxa horaria para favorecer a asistencia da comunidade escolar, que na súa inmensa maioría concentra as saídas educativas en horario matutino, e a visita do turismo cultural e de cruceiros que tamén tende a concentrar as visitas e as actividades pola mañá.

Atendendo ao anteriormente exposto a RMM incrementará paulatinamente os horarios de apertura dos seus diferentes centros museísticos para reforzar a súa función social e a súa conexión coa comunidade.

Así mesmo, a RMM debe manter unha actitude proactiva na captación de visitantes aos museos, analizando o público visitante e coñecendo as súas necesidades para incrementar o seu atractivo.

Obxectivos:

- Incrementar paulatinamente os horarios de apertura dos centros museísticos da RMM.
- Ampliar as posibilidades de visita para poboación escolar e turismo cultural e de cruceiros.

Accións:

- Abrir ao público o Museo Quiñones de León dúas tardes, de 17:00 a 20:00 horas de marzo a setembro, para facilitar as visitas individuais e de grupos.
- Apertura da Pinacoteca dúas mañás semanais de 11:00 a 14:00 horas, fundamentalmente para potenciar as visitas escolares e do turismo cultural e de cruceiros.
- Apertura da Casa das Artes dúas mañás semanais de 11:00 a 14:00 horas, coa finalidade de atender as visitas escolares e do turismo cultural e de cruceiros.
- Contemplan estas novas necesidades no novo contrato do Servizo de Atención ao Público que se iniciará o 1 de xaneiro de 2025.

14. AVALIACIÓN DE PÚBLICOS E DE EXPOSICIÓNS

Caracterización:

Nos últimos anos obsérvase na museoloxía internacional unha maior preocupación por atender á complexa relación dos museos co seu público, de colocar o foco nas persoas máis que nas coleccións. Seguindo coa referida tendencia, a RMM debe definir entre os seus obxectivos estratéxicos o de afondar no coñecemento do seu público e das súas expectativas coa visita, apostando para elo pola avaliación permanente da calidade do servizo que ofrece á sociedade.

Esta avaliación do público debe complementarse con enquisas para coñecer a súa percepción da exposición permanente e das temporais como mecanismo que permitirá reforzar os acertos e corrixir posibles erros e, en definitiva, sentar as bases para perseverar na innovación e na mellora constante. Esta avaliación é especialmente importante nun momento coma este no que se está a reconfigurar completamente os centros museísticos que integran a RMM.

Obxectivos:

- Dispor de información cuantitativa e cualitativa sobre o público que visita os diferentes centros museísticos da RMM.
- Identificar estratexias para consolidar o público visitante e deseñar mecanismos para captar ao público potencial e ao non visitante.
- Coñecer a eficiencia das diferentes propostas expositivas identificando ámbitos de mellora.

Accións:

- Realización dun estudo de público dos diferentes centros museísticos da RMM
- Avaliación da exposición permanente do Museo Quiñones de León e da Pinacoteca FFR.

15. EXECUCIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

A execución do Plan Estratéxico será obxecto de avaliación permanente coa finalidade tanto de medir os resultados acadados, como de coñecer o grao de axuste das accións executadas aos obxectivos seleccionados e aos recursos asignados.

Para poder realizar este proceso de xeito satisfactorio é preciso dispor dun conxunto de indicadores de cantidade e calidade coidadosamente seleccionados. De acordo con Nylöf¹, estes non deben ser numerosos, pero deben atender a todo o ámbito obxecto da avaliación, neste caso a práctica museal, estar atentos aos cambios que poidan producirse, e ser de rexistro periódico e regular sinxelo para poder identificar series temporais.

Así mesmo, deseñaranse instrumentos para o seguimento do PE, fundamentalmente enquisas de satisfacción, que permitan analizar os resultados acadados en diferentes ámbitos de funcionamento do Museo, como a programación de exposicións temporais e actividades. Para obter un resultado máis preciso segmentaranse as enquisas para capturar as esixencias e demandas de grupos de usuarios diferenciados, como os grupos escolares ou os grupos turísticos, por exemplo.

O deseño destas enquisas se definirá no Servizo de Museos, que contará coa colaboración do Servizo de Atención ao Público, e terá claro tanto o obxecto de avaliación como os obxectivos que se pretenden satisfacer coa mesma. Dada a especialización crecente deste tipo de traballos, tamén se sumarán expertos externos, cos que se definirá o marco teórico da avaliación, a metodoloxía de traballo a empregar e as diferentes técnicas de avaliación máis acaídas para cada caso.

Considerando que cada unha das accións contempladas nas diferentes liñas estratéxicas definidas que se presentan neste PE, contan cunha estimación de obxectivos a alcanzar, definiranse os indicadores máis axeitados para avaliar tanto o seu grao de cumprimento e satisfacción, como os recursos invertidos, a calidade da acción ou a repercusión e impacto da mesma.

A análise dos resultados acadados permitirá determinar tanto os axustes necesarios para mellorar as accións, como considerar aqueles aspectos a ter en conta no deseño de accións futuras.

¹ Nylöf, G. (1997): "A method for Evaluating Cultural Policy", *International Journal of Cultural Policy*, vol. 3(2), págs.361-376

**CONCELLO
DE VIGO**

